



Arqueixal: crer para lograr



A foto que fala

A ONG Plan Internacional denuncia o secuestro de nenas vietnamitas para vendelas como esposas en China: 300 en tres meses.



O trasno A maleta de Bani

Daniel López Muñoz



E chegou o día no que finalmente marchou Bani de volta a África. Dous anos e dous mesiños, mans nos petos, retranqueiro, co seu galego riquiño, despois de 261 días na nosa familia. Si, sabía a teoría, “coller o avión”, “volver con papá e mamá”, adeus Ana, adeus Pepe...pero a realidade, claro, foi menos racional.

A maleta era ben máis grande ca el. Foi o agasallo de despedida de Paula: nada menos que a maleta da selección de rugby no campionato do mundo de Francia 2014. A Bani encantoulle.

Colleu ben roupa e zapatíños, para el e os seus irmáns. Nada de botas, case todo sandalias, que aló dos vinte cinco graos non baixan. Tamén ía, por pura casualidade, unha camiseta de Messi que alguén nos pasou. Con iso vai rachar. E galletas mariñeiras. E un álbum de fotos, para que non esqueza que foi parte de nós. Tanta xente interesándose e pasándonos de todo, roupa, carriños, a cadeira para o coche, a camiseta de Messi, consellos, cremas e apósitos. Abraitados. O pequeno Bani desatou unha vaga de bondade.

Con el ían moitas máis cousas, desas que non collen na maleta, que só collen no corazón, na alma e nas tripas. A cousa médica foi, precisamente, de corazón e tripas. Chegou moi doentíño, e marchou feito un homiño, na súa pel preciosa –e hidratada con aceite de coco-, co corazón retocado, as tripas recompostas e cagando de marabilla. Que importante é cagar ben. Hai persoal médico en Galicia que merece un beixiño do ceo. Si, no SERGAS, na pública.

Ana curoulle a ferida do corpo e a ferida da alma. Dicía o psiquiatra Bowlby que un neno que se asegura unha figura de apego –ben a nai, ou unha cuidadora principal-, accesible e sensible ás súas demandas, recobra a seguridade e fortalécese para relacionarse e abrirse seguro ao mundo. Substituír unha nai nun caso traumático de privación parental, de separación, é resucitar unha vida. E sobre todo facelo con tanta gratuidade e intensidade.

Todo é cuestionable. Por que este, cando haberá tantos? Pero “este” tiña rostro e un sorriso incomparable. “Este” non agardaba por un planeta arraxado e equitativo. “Este” era un ser concreto e non un discurso teórico. Catro quirófanos en dous anos de vida, afastamento dos pais, cambios de residencia e cuidadores, toneladas de bágoas. Si, houbo moitos chorares, estancia dilatada, atrasos, certa desorganización, pero hai veces nas que un mal menor é un ben inmensamente maior. Hoxe xa está cos seus, curado e benquerido.

Editorial Re-encantar o país

Como indica Luis Carreira, de Arqueixal, na entrevista deste número, a cuestión non é tanto reinventar o que somos, senón saber que somos, saber recobrar a esencia do que somos. Efectivamente hai unha auténtica neurose que glorifica o cambio polo cambio, o usar e tirar, o innovar sen conectar con esa esencia que nos fai únicos. En troques, o que si fai moita falta é re-namorarse do país, re-descubrírmonos con outra mirada, unha mirada indulxente, reconciliada e humildemente orgullosa.

Na festa do lume, Irimia achegouse a experiencias concretas que parten dese cambio na maneira de mirarnos e vernos. Da man de Ana Corredoira e o citado Luís de Arqueixal, puidemos acreditar que o país galego, esa parte abandonada de xente, e seica de ideas e emprendementos, as nosas aldeas, son un espazo privilexiado para o re-encantamento, para

o que cómpre é re-namorarse do país, re-descubrírmonos con outra mirada

desenvolver proxectos de vida que entusiasmen a calquera. Porque teñen aventura, porque teñen natureza e ecoloxía, porque conectan coa paixón polos alimentos de calidade, porque teñen orixinalidade, “esencia” e “glamour”

Pero ese recoñecemento polo noso só se logrará cando se superen os prexuízos de auto desprezo que finalmente nos levaron a esta situación surrealista. Os fillos e fillas dos labregos con carreiras universitarias que só lle reportan frustración e paro e todo un país verde e farturento abandonado e as súas mellores leiras familiares a eucaliptos e lume recorrente.

As alternativas ao abandono son a clave. Os concellos galegos están desesperados porque non teñen nin medios nin xente para levar a efecto todas as medidas que as novas disposicións legais lles encomendan para a loita contra o lume. A expulsión e a fuxida da poboación tradicional de grandes áreas rurais pasa unha seria factura medioambiental. Era un problema anunciado.

A verdadeira transformación pasará polo asunto da propiedade abandonada e por dar nova vida a proxectos de mozos e mozas retornados que saiban mirar polo seu desa outra maneira, orgullosos da esencia e dispostos a aproveitar todas as oportunidades que ten.

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Non sei se lestes a noticia estes días. No convento franciscano de Betanzos reciben a aquelas persoas que están soas para pasar o seu tempo de lecer. Trátase do proxecto “Familia aberta”. Alí comparten o seu tempo e as súas inxerencias. Fan actividades, apóianse uns aos outros, falan e matan o gran monstro deste tempo, que é a soidade.

No noso mundo hai moita xente que se sente soa. Non se trata só de xente que vive en soidade, senón que tamén vive nunha gran tristura e que pasa semanas e semanas sen compartir con ninguén nada. Iso debe ser moi duro. Por iso, gústame unha iniciativa

tan sinxela coma esta, na cal un relixioso abre as portas do seu convento para que persoas de calquera clase maten o monstro da desesperanza.

Oxalá neste tempo agromen experiencias deste tipo. Que os conventos e edificios relixiosos, que cada vez están máis baleiros, sexan punto de encontro e convivencia. O Evanxeo tamén o di: Vinde a min todos os que esteades canso ou agoniados. Os mosteiros están para evanxelizar. Abrir os mosteiros ao mundo foi máis ou menos o que pediu o Papa hai un tempo. Dun xeito tan sinxelo fano os franciscanos de Betanzos. Que se espalle o exemplo.



1



3



2



I Encontro de Mulleres con Enerxía Cooperativa

4



A peneira

1

Tres **ADOLESCENTES** solidarios afastaron a unha muller superada por desfeitas familiares de suicidarse en Riazaor. Despois de deixarlles as pertenzas, escapou para tirarse ao mar, onde noutrora deixara as cinzas da súa filla acabada de morrer. Razoaron con ela sobre o agasallo da vida e chamaron ao 061.

2

O 27 tivo lugar o I Encontro de Mulleres con **ENERXÍA COOPERATIVA**, activas na loita contra a contaminación e buscando aforrar no seu consumo. Xa son moitos/as os que optaron por esta alternativa verde así a través de "Nosa Enerxía".

3

A banca **ÉTICA** abrolla en iniciativas como a Cooperativa Ribeira do Navia, en Ernes de Negueira de Muñiz, onde promocionan a produción ecolóxica, a restauración da contorna, as conservas das froitas das súas hortas, que venden no Mercado da Terra de Lugo.

4

O 3 foi a "Festa dos Heróis" en Mozambique, e celebramos o traballo de galegas/os alí grazas ao Fondo Galego de **COOPERACIÓN**: abrindo pozos de auga, para loitar contra os andazos, ou fomentando o deporte, para previr adicións tóxicas na mocidade.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

O tabaco é a 3ª causa de mortes no mundo e a 4ª é a **CONTAMINACIÓN**: 6,5 millóns ao ano, máis en África e Asia. Só na China, 2,2 As nenas/os xa poden sufrila no útero materno. A India é das máis contaminantes porque acubilla 12 das 20 cidades máis prexudicadas no mundo.

6

O 22 cúmprese os 75 anos da execución en Munich de tres mozos do movemento de resistencia contra o nazismo, **ROSA BRANCA**, de raíces cristiás: loitaban por unha Europa federal en liberdade... Na foto, Lilo Furst, unha delas.

7

A **FILOSOFÍA** é necesaria; porén, convidamos ás XXIII Xornadas sobre Ciencia e cinema: Unha relación bidireccional": intelixencia artificial, neurociencia..., organizadas pola Universidade da Coruña, no Campus do Ferrol, os días 8 e 9 de marzo. Hai que matricularse antes do 28; para máis información: jornadas.filosofia.ciencia@udc.es e 981-337400-1-3814.

8

O filme <**DHOGS**>, do meirego Andrés Goteira, é favorito dos premios Mestre Mateo na Coruña o día 3... Unha mostra de ciencia ficción que denuncia a pasividade da sociedade nun mundo de terror con actores como Carlos Blanco, "Morris", Melania Cruz, Miguel de Lira...

Política Unha folga trascendente

Carlos Vázquez G.



Para o próximo 8 de marzo está convocada, polos movementos feministas, unha folga internacional de mulleres. É a segunda vez que se promove. A primeira foi o ano pasado e tivo significativa relevancia en todo o mundo. Esta vez a convocatoria ten máis forza, máis concreción e máis amplitude. En España, os principais sindicatos non só a apoian, senon que ofrecen a cobertura legal precisa, secundándoa como co-convocantes. A mobilización consistirá en paros laborais das mulleres en todos os ámbitos da produción, paro nas tarefas do fogar en nos coidados de persoas e folga de consumo, así como a participación nas manifestacións que se convocan en todo o mundo. É moi posible que esta folga non chegue aínda, este ano, a paralizar de forma masiva a produción e a vida ordinaria dunha parte importante dos países pero, sen dúbida, será moi visible, tanxible e, sobre todo, afectará a millóns de persoas e mobilizará millóns de mulleres en todo o mundo. É unha folga pola emancipación e a dignidade da muller, pola igualdade, contra o machismo e a violencia machista e pola demolición do modelo cultural, social, económico e político do patriarcado, vixente e hoxe hexemónico nas relacións humanas en todo o planeta. As diferenzas que poida haber entre uns países, culturas, civilizacións e outros son de grao ou de forma, pero o sistema é patriarcal en todos.

Máis alá do alcance cuantitativo que este paro internacional consiga, por moi notable que sexa, a mobilización, xa desde a súa convocatoria, é trascendente porque exhala ese recendo agradable, vivo e forte que emiten as causas nobles, xustas e liberadoras. É trascendente porque fará visible e máis comprensible a problemática primordial, diaria e vital da muller, tantas veces oculta e ocultada. Trascendente, sobre todo, porque os efectos transformadores desta mobilización, moito máis alá de afectaren á muller mesma, atinxen a propia concepción e a vida concreta dos seres humanos, as relacións entre eles e a súa interacción co medio; por iso a reivindicación feminista é profundamente política, fondamente cultural e nidiamente revolucionaria.

O grao de apoio que esta folga alcance entre os homes dará conta do nivel de lucidez conseguido pola outra metade da humanidade. Non estaría nada mal que os servizos mínimos da folga corresen esta vez a cargo do sector masculino da sociedade, sobre todo nas tarefas do fogar e no traballo de coidados a terceiros, sen ir máis lonxe.



O peto común Doenzas raras

Secho de la Torre

O 28 de febreiro conmemórase o día das doenzas raras. Considéranse como tal aquelas que afectan a menos de 1 persoa por cada 2 000 habitantes na Unión Europea. Segundo a OMS, no mundo existen preto de 7 000 enfermidades que afectan ao 7 % da poboación. No Estado son tres millóns de persoas con algunha destas doenzas raras e en Galicia sobre 200 000. A Federación Galega de Enfermidades Raras ou Crónicas di “que só é raro aquilo que é descoñecido”, e ben certo é que unha das mellores prevencións, e incluso curas, é o coñecemento; a outra, loxicamente é unha continua investigación, para a que se precisa bos investimentos e apostas decididas. Todo isto verte nunha conciencia social.

Ás veces un pregúntase por que no currículo escolar se repiten curso tras curso cuestións que van esvaeecer nunha proba, sen formar parte da vida dos cidadáns, e non se dedica máis tempo a investigar sobre o que realmente pode cambiar ou condicionar a vida dunha persoa ou colectivo. Atendendo ás demandas sociais, é preciso potenciar unha aprendizaxe baseada na investigación desde moi novos e propiciar ferramentas para isto. Non sería pois, unha boa concienciación isto das autoaprendizaxes? O 28 de febreiro podemos dedicarlle un pouco de tempo a investigar máis sobre este tema das doenzas raras; existen casos únicos que vale a pensa coñecer; detrás dalgúns, hai verdadeiras heroínas e heroes.



O CARRABOXO *por ROBE LOIS*



Crónica Asemblea de Irimia e Festa do Lume 2018

Xosé Lois Vilar

Compartindo experiencia e proxectos de vida

En Santiago de Albá, concello de Palas de Rei, nas casas e cortes de “Arqueixal”, a luz nova do día esforzábase por facerse un lugar entre brétema e barruzo. Parecía aventarse unha asemblea de Irimia cativa de asistentes. O marco era inmellorable, mais o tempo tentaba por deslucilo. Non foi así. Cunha miguña de retraso, alentado polas múltiples pistas e despistes, alá se foron achegando as 50 persoas asistentes, entre asociadas e invitadas. Apertas de reencontro, café de mañanciña, acollida e... ao gran.



Rendendo contas

Nunha sala quente e acolledora, que “Arqueixal” ten acondicionada para os encontros e actividades de grupo, celebrouse a asemblea. Benvinda e apertura por parte da presidenta, Lucía Santiago Díaz, e lectura da orde do día e acta da anterior asemblea por parte do secretario, Anuncio Morroño. Logo, Pepe Barca, o tesoureiro, presentou un detallado informe económico do ano 2017.

Debateuse sobre a necesidade de corrixir o excesivo déficit que orixinan a produción dos medallóns da Romaxe (6 000 €). Dado seu o carácter altamente simbólico (identifican lugar e lema) a xunta directiva está na pescuda doutros obradoiros de cerámica galega que poidan producilos cun custo máis reducido e incluso cunha calidade mellorada respecto dos elaborados para as últimas romaxes. Informouse, ademais, sobre os pasos dados na preparación da Romaxe 2018, que se celebrará no mosteiro de Sobrado dos Monxes e que está a ser coordinada por Xabi Blanco.

É salientablea independencia financeira da asociación

Asociación Irimia		Revista Irimia		Romaxe de Crentes	
Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos
2481,00	1983,30	19715,90	18871,40	8276,43	10123,62
Saldo asociación 497,70		Saldo Revista Irimia 844,50		Saldo Romaxe -1847,19	

SALDO GLOBAL ANO 2017 -504,99

Tamén é salientable o feito da independencia financeira, xa que dos 29 935 € de ingresos soamente 2 500 € corresponden a subvencións, un 8.35 %, subvención da Deputación Provincial da Coruña á revista *Irimia*. O resto dos ingresos, colaboracións, xuntas, desprazamentos, chamadas, xestións... a cargo dos soños irimegos.

Falando cara ao futuro

Por un ano máis renovouse o mandato da actual xunta directiva e a continuación abordouse o asunto que máis debate xerou, o da continuidade da revista, que conta a día de hoxe con 460 subscritores e unha tirada quincenal de 525 exemplares. No remate do 2018 a revista acadará o número 1 000, un número simbólico para tomar decisións e que era a referencia de compromiso do actual equipo de redacción, tras moitos anos de dedicación. Manifestáronse opinións favorables a manter o formato do papel, xa polas características da maioría dos subscritores, xa pola sospeita de que o abandono dun soporte tanxible supoña a perda de visibilidade. Por outra banda, outras opinións defenderon a necesidade de asumir a edición dixital (internet) como un feito irreversible dos novos modos de comunicación e incluso como unha modalidade que facilitaría a incorporación de novos lectores, redactores e facilitaría a continuidade dos actuais. Sen chegar a conclusións definitivas, propónse que para o vindeiro mes teña lugar unha xunta extraordinaria entre a actual mesa de redacción, colaboradores e a directiva da asociación para ver de estudar a solución que resulte máis axeitada e acaída aos recursos materiais e humanos dos que dispoñemos.

Compartindo vidas, xantar e celebración

Concluída a asemblea, déuselle paso ás intervencións de Ana Corredoira

Vázquez, rapaza nova, bióloga, filla de gandeiros e que tomou na súa man a dirección da explotación gandeira da casa na parroquia de Augasantas (Palas de Rei) e de Xosé Luis, creador e alma do proxecto “Arqueixal” e do evento “Son d’aldea”. Escoitamos de ambos os dous un emocionado relato a prol da produción ecolóxica, do respecto á contorna, da harmonía coa natureza, da recuperación da paisaxe, do rescate dunha parte da tradición

Escoitamos de Ana e Xosé Luis un emocionado relato a prol da produción ecolóxica

que serve para proxectar futuros diferentes aos que nos ditan e da sustentabilidade certa de todos estes supostos, dos que xa teñen demostrado a viabilidade, moitas das veces contra a opinión contraria das políticas agrogandeiras defendidas pola Administración.

E logo veu o xantar. Coma sempre, compartido. Aquí empanada, aló queixo, acolá chourizo, proba desta tortilla, que bo está este pan, quen

fixo este leite frito, bótame un chisquiño de viño, onde está o café...

E antes de marchar... celebrar. Da voz de Alfonso, da guitarra de Marta e do acordeón de Lucía. Tamén do baile miudiño de Sarela. Celebrar termos estado xuntos desorbando soños. Todos en rolda e no medio unha masa para facer pan. E nós todos ao redor, querendo sermos un humilde e gozoso lévedo que faga medrar a masa, para que nazan bolos, para que

cheguen a todos, para que enchan ánimos e estómagos, para que agrome un futuro de fartura compartida, desde a nosa fe, desde a nosa galeguidade, desde a memoria, desde Xesús de Nazaret, o fillo do carpinteiro, compoñedor de soños.

Agradecementos para Xosé Luis Carreira Valín, Selena a Siciliana e Ana Corredoira Vázquez, que nos acolleron e nos aprenderon. Con eles compartimos algunha que outra parte da nosa fe e moitas das esperanzas.



Pingas de orballo

Baldomero Iglesias Dobarrío [Mero]

Na memoria de ENRIQUE DE COEO (1)



Falamos moito de Auschwitz e dos campos de concentración nazis, que quedaron como referente mundial da dor, da humillación, da vergoña que todas as guerras deixan tras de si.

Eses lugares que eran non só de privación de liberdade, senón de morte, de horror e castigo, escravismo, masificación, prantos e tanta dor que prevalece ruxindo en ecos perturbados.

Había tamén cascos de soldados, armas, bombas, xente en ringleiras agardando a morte, homes e mulleres encadeados no infeliz destino, na boca dos fornos e crematorios, na insolencia de tanto desalmado, no experimento do imposible! Ósos e cadáveres, miseria! Olladas perdidas naquel infinito que é ningures. Espazos con cortinas negras, fatais ausencias de cor, propios da desconfianza, do medo, da nocturnidade, da traizón. Ferros, perplexas resignacións que van dentro dos vagóns que os levan, ningún sorriso perdido ou tolo, tenrura nas olladas buscando un algo de calor, quizais onde pousar. Saben que nunca volverán! As portas rinchán nun pranto novo de esperanza.

Acababa de amencer un novo día. Estaban vivos. Un prazo máis naquel tren tan escuro. Silencios e olladas, mágoa e repugnancia dos verdugos desde os corazóns encollidos dos que sofren, vítimas do holocausto, hai xa máis de setenta anos! Así foi, así mo contaron, así o vin e o vivín. Sobre todo da man de Enrique Doval, de San Vicente de Coeo, nas proximidades de Lugo. Vivía con el o seu irmán Manuel, un home tranquilo e reservado que atendía as terras e o gando. Enrique era máis viaxeiro e viña pola casa; eu ía con el e co meu pai. Era moi arrichado, decidido e optimista, carácter aventureiro e resolto. Chamábanlle tamén o Cachimbabas, e acaíalle ben. Aceptaba o alcu-me rindo da vida e deses pequenos aconteceres que lle dan, precisamente, sabor. Morreu en 1997 por aqueles eidos inhumanos que se perdían en distancias, cores grises de pasado que se lle botaban enriba. Tiña na memoria os tempos que o marcaron para sempre e que non esquecería xamais, non conseguía durmir e tiña moitos pesadelos. Fuxira de Francia

Enrique tiña na memoria os tempos que o marcaron para sempre e que non esquecería xamais

despois de loitar co exército republicano na 117 compañía francesa que, claro, foi apresada polos alemáns. De aí a Mauthausen e chegou a pesar 35 quilos. Os mozos coma el traballaban seguido e os que non valían, eran eliminados. Enfermar era un sentenza de morte. Cando sobrava xente, viñan de noite e afogábanos nuns bidóns grandes de auga. Contaba a anécdota do cura que axudaran a fuxir metido nun barril do lixo, debaixo das mondas de moitísimas patacas. O cura puido escapar, pero a eles moéronos a paus. Co tempo, e despois de darlle a un cabo o reloxo que el tiña, e do que tiña antollo, destinárono á construción de barracóns, como proxecto. Escapou do campo cuns compañeiros de Valencia, antes de chegaren as tropas aliadas e collendo unha tanqueta alemá, á que lle pintaron a

fouce e o martelo, colgándolle tamén a bandeira republicana. Romperon os aramados e marcharon.

Enrique de Coeo, estaba coxo e a min contábame (aínda que falaba pouco deses temas, sendo eu aínda un rapaz) que a coxeira tñíaa por meter intencionadamente a perna debaixo dunha roda dun tren para ter unha coartada que lle privase da morte cando aquilo de axudar ao cura. Era de Coeo, da Casa Cabrera. Estiven un verán na súa casa, e amosoume a vida, os seus proxectos –que despois levou adiante– de comercializar cogomelos e champiñóns, tiña grandes proxectos

na cabeza e era moi emprendedor. Chegou a mandar moitos camións deles a Madrid cando aquí aínda non se consumían coma hoxe. Contábame cousas increíbles que parecían doutro mundo, amosoume as troitas grandes que gardaba nos pozos, preto da casa, para cando tivese algunha celebración. Nos últimos tempos namorou dunha moza moito máis nova ca el. Estaba feliz. Gardo na casa unha máquina de fotos, das de fol, que trouxera de Alemaña e que me agasallou para que non esquecese aquelas calamidades. Hoxe está enferruxada, termando das memorias nunha funda de coiro negro, testemuño das súas mil batallas que, hoxe con vós, eu lembro.

IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envía-lo a Apartado 296 - 15704-Santiago de Compostela, ou escribenos a irimia@wanadoo.es ou subscripciones@asociacion-irimia.org

NOME: APELLIDOS:
 ENDEREZO:
 CÓD. POSTAL: CONCELLO OU CIDADE: PROVINCIA:
 TELÉFONO CORREO ELECTRÓNICO

QUERO SER SOCIA/-O: 3 €
QUERO SUBSCRIBIRME: Ordinaria: 30 €
 De apoio: 45 € Subscrición anual (22 números)
60 €

QUERO SER 60x100:
DOMICILIACIÓN
 BANCO OU CAIXA E AFORROS:
 DOMICILIO DO BANCO: CÓD. POSTAL:
 CONCELLO OU CIDADE: PROVINCIA: TITULAR DA CONTA:
 Nº de CONTA: _ _ _ _ / _ _ _ _ / _ _ _ _

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En a de de 201__.

Atentamente.


Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.
 Conta: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822

IRIMIA

Xente d'eiquí

Secho de la Torre

Luis Carreira Valín, o impulsor de Arqueixal: “A clave é crer nisto, achegármonos á esencia”



Con motivo da recente Festa do Lume, que tivo lugar o pasado 3 de febreiro en Arqueixal, entrevistamos a Luís Carreira Valín, dono deste conxunto no que a tradición, a ecoloxía e o agroturismo van da man. Cando Luís fai un percorrido polos 30 anos de Arqueixal, non pode evitar repetir a palabra *esencia*, incluso nos proxectos que foron xurdindo despois dos inicios. Luís descríbese como unha persoa “rebelde”; un mariñeiro de terra que tivo que navegar durante anos a contracorrente para cumprir un soño e levalo a bo porto. Polo medio quedan momentos de dúbida, pero, sobre todo, moitos momentos de satisfacción.

Como comeza esta historia?

Pois aló polo ano 89 había iso de que aquí estaba todo por facer e todo o mundo marchaba como escapándolle a algo ao que non se lle ve nada..., ou quizais por tirar por camiños que todo o mundo colle. Entón Luís decide quedar e aí nace o proxecto Arqueixal.

E que é Arqueixal?

Arqueixal é, como ben di: “a ARte dos QUEIXos de ALbá”. Nace dunha granxa para transformar un queixo que xa estaba a facer, non era nada novo, senón que é manter unha tradición para que non se perda: transformar o leite en queixo e comercializalo; vender un produto, unha materia prima con valor engadido.

Cales son os obstáculos que atopa Luís hai 30 anos para arrincar Arqueixal?

Atópome cun camiño que vai cara a outro lado. Era a tendencia nese momento: producións intensivas, producións especializadas... O produto tradicional non é un valor, senón todo o

contrario, era algo que ía camiño de desaparecer. Iso é co que me atopo, unha tendencia coa que ti non vas. Queres facer algo diferente, recuperando algo tradicional para darlle valor e poñelo no mercado. Durante moitos anos foi así, como se ti quixeses mirar para atrás e non quixeses adaptarte.

Houbo que dar un paso para atrás...

...Para ir para adiante. Pero ese paso atrás non importa, sempre e cando colles o relevo desa tradición para revalorizalo hoxe. Nese momento o problema é a xente que hai arredor de ti porque pensa doutro xeito, polas tendencias que hai. Cuestionaste moitas veces se o que estás facendo é o acertado porque todo vai noutra dirección. Remas contra corrente, e, en momentos como aqueles, onde non tes experiencia... danche moitos vaivéns e inseguridades. É normal.

Hai algún momento de dúbida no que periga seguir adiante...

Si. Houbo un momento de inflexión. De feito, tiveron un ano de baixón;

agora penso que foi causada por esa aceptación de facer unha cousa que non sabía se estaría ben. Ese momento foi así, pero, ao mesmo tempo, por como son, pensaba que aínda que todos camiñaban para outro lado, podían estar equivocados. A miña forma de ser “rebelde” tamén me daba

O produto tradicional non era considerado un valor, ía camiño de desaparecer

certa seguridade comigo mesmo e cada pouco tiñas uns “momentos de gloria”, por chamarlle así: nada máis comezar, tiven un recoñecemento como mellor queixo de Galiza. Entón dicíame para min: pois debo de estar no camiño acertado. Eses pequenos recoñecementos afiánzante a pesar das adversidades.

E chega unha segunda fase de Arqueixal co agroturismo...

Cando estaba co tema da granxa, e xa o produto final convertido en ecolóxico, estaba xa nunha liña. Pero faltábame algo, e, visto agora, evidentemente, faltábame moito: un espazo onde compartir. A granxa é un medio de produción sostible no que te sentes ben facendo cousas, pero non deixa de ser un medio de produción, e a queixería, máis ou menos, o mesmo, a pesar de ter un produto tradicional recoñecido no mercado e un valor sentimental. Conservar isto obviamente era importante pero aí hai menos que compartir. Cando ves a posibilidade de compartir un espazo onde a xente poida vir e coñecer outra forma de vida e algo que atopar... podía darlle vida á aldea. E aquí comeza un dos proxectos máis importantes para min. Rehabilitamos diferentes casas da aldea seguindo principios ecolóxicos e técnicos de bioconstrución, na liña dunha arquitectura res-

ponsable e consciente, que respecta tamén as tipoloxías das casas rurais galegas. Pedra, madeira, vidro, arxila e cal son os materiais nobres predominantes nas estancias, así como pinturas ecolóxicas e illantes de cortiza e fibras vexetais. Tamén eliminamos campos electromagnéticos e empre-

gamos téxtiles naturais que coidan o espazo vital. As enerxías alternativas tamén están presentes.

Após disto, hai un perfil de xente que pasa hoxe por Arqueixal...

Si. Hai un perfil e cada vez vese máis, aínda que poida caer xente de todo tipo. Quizais porque Arqueixal é máis que unha granxa, que unha queixería, que un turismo... É un conxunto, unha forma de vida que fai que haxa xente que estea buscando e que, por unhas circunstancias ou por outras, veña aquí. Sobre todo por cousas como o respecto polo medio ambiente, a volta á esencia da vida, a tradición... Arqueixal ademais pretende que esa xente busque algo de verdade, como así dicía algún que pasou por aquí. Ese é o perfil.

Hai 30 anos quizais máis xente tivo ideas semellantes e non foi quen de sacala adiante. Cal é a clave de que isto tivesa e teña futuro...?



Xente d'eiquí

Secho de la Torre



Unha das claves primeiramente é crer, e eu creo nisto e considero que se achega á esencia. Estamos nun momento bo, e digo bo porque nou- tro contexto quizais Arqueixal non

está a acontecer no resto. O feito de estar nun sitio que pola falta de desenvolvemento non está moi contaminado en todos os sentidos, fai que se persiga máis esa pureza. E así creo

Compartir un espazo onde a xente poida coñecer outra forma de vida é algo que pode darlle vida á aldea

tería tanto éxito, se non fose pola necesidade da xente de conectarse coa esencia. Aquí semella que estamos nese camiño. Visto ao revés, canto máis esteas nese camiño, máis éxito acadas desde o punto de vista do que

que a xente o percibe, como unha busca. Transmítese algo máis que a beleza e o espazo alternativo.

E mirando ao futuro, hai algún proxecto novo en mente...?

Arqueixal agora mesmo é un proxecto vivo e, como calquera proxecto vivo e dinámico, non para. Quero dicir que algo estará facéndose.

Algo hai entón...

Creo que irá.

Ten necesidade de reinventarse...

Hai que ter coidado e ter tino. Eu tamén son algo escéptico con isto de "reinventarse". E dígoo porque estamos nun momento no que a sociedade en xeral ten unha necesidade de cambios continuos e creo que non dá tempo de saborear o que se ten. Ao mellor por iso penso que facer cousas si, pero mantendo a esencia.



EDITA: Asociación A. IRIMIA

Dende setembro de 1981

FEITO EN PAPEL RECICLADO

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuiña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓN: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscripciones@asociacion-irimia.org

Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.html>



Boa Nova



Comentaba este día cun amigo de lonxe, moi lonxe, como podía facerlle chegar agarimo, consolo, ou mesmo acompañalo na oración en momentos especialmente duros. Decía el que xa era fantástico que puidesemos estar falando de gratis polo was, que iso xa era tan inimaxinable hai apenas anos. E foi, sen querer, un ir devalando cara á certeza de que non había océano, nin montañas altas, nin desertos nin abismos que poidan parar a Graza cando a amizade, o amor, quere correr lixeiro e que o fai á velocidade... da luz.

Luz, ti es luz, substancia divina que todo o enche, que todo o é. E humana, moi humana es ti Luz. A miña esencia e a de cada, irmán, irmá e tamén a dos gatos e ergueitas palmeiras cos seus cafeais aos pés. Todo é luz polo amor proxectada, que se achega na velocidade instantánea e devece por rebordarnos. Cando, con corazón de nena, sabendo da túa presenza ao meu carón, vénme a tontísima idea de procurarte cos ollos ou coas mans, ocorre que se me queda cara de lela, e gozo a leda evidencia de que aí estás, es Luz que todo o enche e levas nas túas mans todas as nosas arelas, as declaracións de amor, as palabras de consolo e mailos laios. Acubillas o segredo do certo nome secreto e protector, Luz de Galilea.

Christina

A CLAVE

Aloumiñar a utopía

A Transfiguración é un relato simbólico que nos leva ao mundo das utopías. O Reino está en marcha e as dificultades saen ao paso. Camiño de Xerusalén os discípulos soñan coa conquista, discuten polo poder... Os reclamos de gloria e honra imperiais poden botar a perder a utopía do Reino. Por iso Xesús colle aos tres homes con máis autoridade no grupo e sobe con eles ao monte. Na revelación do Tabor non se apela a grandes ideais escatolóxicos (os anxos ou milleiros de xustos marchando do apocalipse), senón á sinxeleza dunha noite, un monte, dúas persoas loitadoras e místicas (Elías e Moisés) e á paz interior que abrolla de sentir que todo o que se fai está feito desde o mellor de nós mesmos, dende Deus, e polo ben de todas e todos. Esa paz interior que xorde cando calan os ruídos externos e nos sentimos en comunión con Deus invade a Pedro, Santiago e Xoán.

Sendo homes como son, tan propensos ás xestas épicas, por un intre esquecen as súas loitas polo poder, a "marcha" sobre Xerusalén e só pensan no coidado como fonte de paz e xustiza: en facer tres tendas para coidar, aloumiñar e preservar esa lámpada feble que é a utopía do Reino. A voz do Pai reafirma o ideal de Xesús: "este é o meu fillo benquerido: escoitádeo".

Marisa de Corne

O ECO

A PALABRA

DOMINGO 25 DE FEBREIRO. II de CORESMA

A PALABRA. Mc 9, 2-10

Naquel tempo colleu Xesús a Pedro, Santiago e Xoán, e subiu con eles sós ao coto dun monte. Alí transfigurouse na súa presenza. Os seus vestidos viráronse resplandecentes, brancos coma ningún bataneiro do mundo os podería branquexar. Nisto apareceron Elías e mais Moisés, e estaban a falar con Xesús. E Pedro, tomando a palabra, díxolle a Xesús: «Mestre, que ben estamos aquí! Imos facer tres tendas: unha para ti, outra para Elías e a outra para Moisés.» Tan asustado estaba, que non sabía o que dicía. E unha nube cubriunos coa súa sombra, mentres saía dela unha voz: «Este é o meu fillo benquerido, escoitádeo.» E de súpeto, mirando arredor, xa non viron a ninguén, fóra de Xesús. Cando baixaban do monte, Xesús encargoulles que non contasen nada até que o Fillo do Home resucitase de entre os mortos. Eles colleron ben o aviso; mais empezáronse a preguntar uns a outros o que querería dicir aquilo de «cando resucite de entre os mortos.»

Falando da lingua

Lidia e Valentina



Fala
connosco!

Estoutro día estabamos a comentar-lles a uns amigos que o termo “Obre” que existe en varios topónimos, ben como forma única (O Obre de Noia), ben como sufixo (Barallobre, Iñobre ou Alobre), demostra que estes nomes levan connosco máis de dous mil anos, porque se sabe que a terminación -obre é prerromana. Mais non imos entrar agora a falar de cales son os termos prerromanos que conservamos no galego porque xa o temos contado (lembrades aqueles elementos vexetais que comezaban por car-? Carqueixa, carroucha, carballo...), se-

nón na forma “connosco”? Si, non pensedes que isto non vén a conto, senón que estes amigos, non se estrañaron dos topónimos prerromanos (dos que non sabían nada), senón de que empregáramos a forma “connosco” que seica era “rara”.

De raro e, ás veces, de inventado é denominado moitísimas veces, demasiadas nos últimos tempos, moito termo galego que non ten correspondencia, aínda que sexa adaptada, en castelán. Imos fartas de oír que “connosco” é unha forma rara, inventada, e que non a usa ninguén. Será que

non a usa ninguén no ámbito urbano, ou que non a usa case ningunha persoa de menos de 30 anos... Pero **connosco** e **convosco** son formas tradicionais galegas que, ademais, coinciden co portugués e que equivalen plenamente a “con nós” ou “con vós”. A asimilación por parte do castelán vese nestas cuestións miúdas, moito menos rechamantes ca empregar **jueves* no canto de *xoves* ou de dicir **tenedor* onde deberíamos dicir *garfo*. Non podemos perder **connosco** e **convosco**, da mesma maneira que temos que ter conta de dicir correctamente a que corresponde coa 1ª persoa e que tampouco coincide co castelán: **comigo** (que non **conmi-go*). E xa que andamos cos pronomes persoais, aproveitamos para lembrar que as formas que se empregan detrás de preposición (min, ti, el... *Se non é por min, non sabe nada.*) son as mesmas que se empregan para poñer detrás das formas comparativas, ben sexan de inferioridade ou de superioridade “ca”, ou de igualdade “coma”: *É tan alta coma min, máis pequena ca min*, e non “**é tan alta coma eu*” ou “**máis alta ca eu*”.

O Fachineiro da memoria

Polafías

Hai un par de semanas que morreu o escritor Isidro Novo, autor de literatura infantil, tamén asinou o western *Por un puñado de machacantes* e dentro da Asociación de Escritores en Lingua Galega fundou a sección de Literatura de Tradición Oral. A este eido dedicou o seu labor nos últimos tempos. Hai xa ben números que nesta mesma páxina comentamos que Mini e Mero foran xustamente recoñecidos como mestres da memoria. Pois ben, unha das persoas que estaba detrás destes premios era Isidro Novo, xunto a Antonio Reigosa, un deus



maior na cultura popular do país. Outra das iniciativas que axudou a levar adiante Isidro Novo foron as Polafías, encontros de celebración da literatura popular. Na páxina da AELG calquera pode ter acceso a eses encontros onde a xente se xunta a carón das palabras coas achegas das mestras e mestres da memoria e os vídeos das Polafías gravados por Galicia adiante. Deste xeito non han pasar pola vida coma un suspiro anónimo, segundo as palabras que me presta Olga Novo.

A.Q.